

IES OTERO PEDRAYO DE A CORUÑA
CADERNO DE PENDENTES DE 2º ESO

TEMAS 1 AO 4

NOME E APELIDO:

1


A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANT

Que civilizacións xurdiron nas terras do Imperio romano a partir do século V?



- No inicio da Idade Media, tres grandes civilizacións repartíronse as terras do antigo Imperio romano.
- A parte oriental do Imperio, que chamamos Bizancio, logrou sobrevivir.
- Na zona occidental establecéronse numerosos reinos xermánicos, que acabaron adoptando a tradición romana e a relixión cristiá e que deron orixe á Europa feudal.
- Por último, o Islam, unha relixión aparecida en Arabia no século VII, expandiuse pola costa do sur do Mediterráneo, a Península Ibérica e Oriente Medio.

Nobres prometendo a súa lealdade a Carlomagno. Miniatura do século IX.



Que sabemos?

1. Entre que dous períodos cronolóxicos se sitúa a Idade Media?

- Entre a Prehistoria e a Idade Antiga
- Entre a Idade Moderna e a Idade Contemporánea
- Entre a Idade Antiga e a Idade Moderna

2. Observa o eixe cronolóxico:

– En que zona se fragmentou o Imperio romano? En que dúas partes se dividiu?

.....

– Con que nome se coñece a parte oriental? Que sucedeu na parte occidental?

.....

3. Observa o mapa de Europa a mediados do século VI e contesta:

– Quen eran os pobos xermánicos?

.....

.....

– Di o nome de tres reinos xermánicos. En que país se localizaban?

.....

.....

– Que é o Islam? Por que zonas se expandiu?

.....

.....



Que aconteceu co antigo Imperio romano?

As invasións xermánicas do século V acabaron co Imperio romano. A ruptura foi tan importante que os historiadores marcan a caída de Roma (476) como a fin da Antigüidade e o inicio da Idade Media.

A NA PARTE OCCIDENTAL

- A comezos do século V, varios pobos que os romanos chamaban "bárbaros" (estranxeiros) controlaron as terras do antigo Imperio romano.
- Estes pobos formaron os reinos xermánicos, independentes e rivais entre si:
 - Os **ostrogodos**, que ocuparon Italia e mais Dalmacia.
 - Os **visigodos**, que se estenderon polo sur da Galia e despois por Hispania.
 - Os **francos**, establecidos na Galia, que se foron expandindo a outros reinos.
 - Os **burgundíos**, que se estableceron no leste da Galia.
 - Os **alamáns**, que ocuparon o Rin.
 - Os **anglosaxóns**, que se expandiron polas terras de Britania.

B NA PARTE ORIENTAL

- O Imperio romano de Oriente transformouse no Imperio bizantino, que foi denominado así polo nome que tiña a súa capital: **Bizancio** ou **Constantinopla**.
- A partir do século VI, Bizancio foi unha terra próspera na que se falaba o grego, e introduciuse unha variante do cristianismo: a relixión ortodoxa.

C NACEMENTO E EXPANSION DO ISLAM

- En Arabia, durante o século VII, naceu unha nova relixión monoteísta: o Islam, ao igual que o xudeísmo e o cristianismo, era unha relixión monoteísta.
- Un dos obxectivos desta nova relixión foi espallar as súas crenzas e aumentar os seus seguidores, que se coñecen como **musulmáns**.
- En moi poucos anos, mediante conquistas militares, o Islam ocupou parte das terras do antigo Imperio romano e estendeuse polo norte de África, Asia occidental e tamén por parte de Europa.

4. Contesta as seguintes preguntas:

- En que ano se produciu a caída do Imperio romano? Que consecuencias tivo?

.....
.....

5. Indica que frases corresponden á parte occidental do Imperio romano e cales á parte oriental:

- Transformouse no Imperio bizantino.
- Formáronse distintos reinos xermánicos.
- Irromperon os "bárbaros", estranxeiros que ocuparon as terras do antigo Imperio romano.
- Naceu a relixión ortodoxa, unha variante do cristianismo.
- A súa capital era Constantinopla.

• Observa o mapa sobre os reinos xermánicos no século V:

– Pinta coas cores indicadas os seguintes reinos xermánicos:

-  ostrogodos
-  visigodos
-  francos
-  burgundios
-  suevos
-  anglosaxóns
-  vándalos (con Baleares, Córsega e Sardenña)

– Que significa bárbaro?

.....

.....

– Que feito marcou o paso da Antigüidade á Idade Media?

.....



• Observa os dous mapas sobre a ruptura da unidade do Mediterráneo e contesta as seguintes preguntas:

– Que división do antigo Imperio romano amosa o primeiro mapa?

.....

.....

– Que reino ocupaba a Península Ibérica?

.....

.....

– Onde naceu a relixión islámica?

.....



.....

– En que tres continentes se expandira no século VIII?

.....

.....

.....



O reino suevo de Galicia

Coa crise do Imperio romano e as invasións dos pobos xermánicos, chegaron ás nosas terras os suevos. Formaron un reino que durou algo menos de dous séculos, aínda que durante este tempo non mudaron as formas de vida da poboación hispanorromana.



Moeda sueva cuñada polo rei Requiario (448-455), co seu nome gravado nela "Riquiri Reges".

A A CHEGADA E A EVOLUCIÓN DOS SUEVOS

- Durante o século V chegaron á Península Ibérica varios pobos bárbaros, como os suevos, vándalos e alanos. Tras a invasión visigoda, só os suevos permaneceron no noroeste.
- Os suevos procedían do mar Báltico e atravesaron toda Europa ata asentarse na zona. Crese que chegaron uns 30000 suevos, liderados por Hermerico e situaron a súa capital en Bracara Augusta (Braga, Portugal).
- Os suevos viviron en continua tensión cos visigodos entre os séculos VI e VII, debido a que estes querían controlar o territorio, mentres que aqueles desenvolvían periódicas campañas de rapina por todo o territorio.
- Tras a fase de apoxeo co rei suevo Mirón (570-583), que avanzou as súas conquistas pola área Cantábrica, os visigodos invadiron o reino suevo e incorporárono definitivamente aos seus dominios peninsulares en tempos de **Leovixildo** (575-586).

B O PROBLEMA RELIXIOSO

- Os suevos practicaban o arrianismo, unha corrente cristiá que negaba o carácter divino de Xesucristo.
- Naquel tempo, o cristianismo católico trataba de facerse forte, por iso intentaron acabar co que consideraban herexías, interpretacións sobre a vida de Xesús diferentes á católica.
- Para combater o arrianismo, chegou a Galicia San Martiño Dumiense, un bispo que organizou a igrexa católica en reino suevo, conseguindo a conversión do rei suevo Teodomiro e impulsando a celebración do Concilio de Braga (569).
- Coa conversión ao cristianismo do reino suevo, fundáronse numerosos mosteiros de tan longa vida que algúns chegaron ata a actualidade.

San Martiño Dumiense nunha miniatura do *Códex Albeldensis*, século X.



Tumbas da necrópole sueva do século VI atopada no subsolo da catedral de Santiago.

O dominio suevo



8. Observa o mapa e realiza as actividades:

- Colorea o mapa segundo a lenda e repasa as liñas das campañas de expansión do reino suevo.
- Que territorios actuais chegou a controlar o reino suevo?
.....
- Onde estableceu a súa capital?
.....
- Que cidades da Galicia actual xa eran importantes?
.....


9. Relaciona cada un destes reis co acontecemento histórico polo que son máis coñecidos:

- | | |
|-------------------------|---|
| Mirón (570-583) * | * Incorporou o reino suevo á Hispania visigoda |
| Teodosio II (401-450) * | * Logrou a máxima expansión territorial do reino suevo |
| Hermerico (409-438) * | * Organizou unha expedición que derrotou os suevos no ano 456 |
| Leovixildo (575-586) * | * Liderou a conquista de Gallaecia |

10. Completa o texto seguinte:

catolicismo * herexías
suevos * arriana * mosteiros
Concilio de Braga

Dentro da relixión cristiá existían diversas,
como a que cuestionaba o carácter
divino de Xesucristo e era practicada polos
San Martiño Dumiense implantou o
entre os suevos. Este bispo foi fundamental na celebración do
..... e na creación de
numerosos




Capela escavada na rocha do mosteiro de San Pedro de Rocas (Esgos, Ourense, século VI). É a igrexa galega máis antiga, nela desenvolveuse a vida monacal cristiá.

Un reino xermánico: os visigodos en Hispania

- Cara o ano 415, os visigodos acudiron á Península Ibérica como aliados de Roma, para expulsar os invasores pobos xermánicos (suevos, vándalos e alanos) que se instauraron nela.
- Ao principio, os visigodos crearon o Reino de Tolosa, que comprendía territorios ao sur e ao norte dos Pireneos. Os francos derrotaron os visigodos na batalla de Vouillé (507) e estes tiveron que asentarse na Península Ibérica.
- Desde ese momento, os visigodos expandíronse por Hispania e organizaron un reino, e fixaron a súa capital na cidade de Toledo (554).
- Os visigodos dominaron os hispanorromanos e repartíronse gran parte das súas terras. A **gandaría** e a **agricultura** eran as súas principais actividades económicas.
- A monarquía visigoda conseguiu establecer un reino, que se fundamentou en:
 - Unha **monarquía forte**, que se apoiaba para gobernar na **Aula Rexia** (órgano asesor formado por nobres e clérigos) e os **Concilibios de Toledo** (assembleas de carácter relixioso e civil).
 - O **control de todo o territorio peninsular**, expulsando os distintos pobos que tiñan presenza en Hispania.
 - A **unificación relixiosa e legal** entre hispanorromanos e mais visigodos.
- No entanto, a principios do século VIII, as disputas nobiliarias facilitaron que un **exército musulmán**, procedente do norte de África, invadise a Península Ibérica (711) e derrotase o último monarca visigodo (don Rodrigo).

Construtores e ourives

- Os visigodos foron grandes construtores e ourives. Fusionaron **elementos romanos e xermánicos**, deixando mostras da súa arte na Península Ibérica.
- Destacaron as **pequenas igrexas** do século VII ao longo de todo o val do Douro. De grosos muros e planta basilical, incorporaron o **arco de ferradura**.
- Os ourives empregaban ouro, prata, bronce ou ferro. Fundían e gravaban os materiais, dourábannos ao lume e incrustaban xemas como granates ou ágatas.



Cruz do tesouro de Torredonjimeno (Xaén), século VII.

11. Observa o mapa de Hispania no século VI e realiza as actividades:

- Le as indicacións e pinta segundo as cores indicadas:

- suevos: Galicia e o norte de Portugal
- cántabros e vascóns: o norte da Península
- bizantinos: no sur peninsular e en Baleares
- visigodos: ocupaban a maior parte do territorio

- En que cidade estableceron os visigodos a súa capital?

.....

- En que século viviu o reino visigodo a súa máxima expansión?

.....




2. Escribe nos círculos números do 1 ao 6 para ordenar de máis a menos antigo os acontecementos:

- expulsión dos suevos (585)
- derrota fronte a un exército musulmán (711)
- expulsión dos bizantinos (623)
- conversión do rei Recaredo ao catolicismo (587)
- unificación das leis (*Liber Iudiciorum*, 654)
- establecemento da capital en Toledo (554)

3. Elabora un eixe cronolóxico sobre a Hispania visigoda:

– Pinta o eixe segundo as cores indicadas:

- Reino de Tolosa
- Reino de Toledo




– Pescuda a data e escribe na parte correspondente do eixe os seguintes acontecementos:

- Chegada dos visigodos a Hispania
- Batalla de Vouillé
- Establecemento de Toledo como capital
- Invasión dun exército musulmán

4. Escribe no lugar correspondente as seguintes partes dunha igrexa visigoda:

- arco de ferradura
- muros grosos
- xanela estreita
- nave principal



A igrexa de San Pedro de la Nave (Zamora, século VII) presenta unha planta entre basilical e cruciforme.

Valerio e Elvira convértense en campesiños

Arredor do século V, o Occidente europeo ruralizárase. A agricultura converterase na actividade predominante e as persoas que posuían terras son as que tiñan o poder e mais o dominio social.

VALERIO E ELVIRA ABANDONAN A CIDADE

- Valerio e Elvira viviron sempre na cidade, onde eran artesáns, pero a vida nesta volveuse cada vez máis difícil. Os ataques e mais os saqueos dos pobos xermánicos fixeron moi perigosos os camiños e dificultaron os transportes. O comercio hai tempo que se reduciu moito e apenas chegan encargos ao seu obradoiro.
- A cidade foi decaendo a medida que diminuían o comercio e a industria. Ademais, debido á inseguridade, os núcleos urbanos perderon gran parte da súa poboación.
- Valerio e Elvira decidiron refuxiarse no campo, nas terras dalgún nobre visigodo ou un gran propietario hispanorromano.



Campesiños realizando tarefas agrícolas. Beato de Valcavado, século X.

B BAIXO A PROTECCIÓN DUN SEÑOR. A RURALIZACIÓN

- Valerio e Elvira, que non posúen terras, e outros campesiños que si as teñen, aceptan **encomendarse**, isto é, entregarse a traballar para un señor con tal de que os protexa. Deste xeito, gran parte dos campesiños europeos convertéronse en servos, perdendo así a súa liberdade.
- A súa vida resulta moi difícil. Todos os esforzos dos homes e das mulleres da pequena aldea na que se instalaron Valerio e Elvira están dedicados ás tarefas do fogar, á agricultura e mais á gandaría, para conseguir alimentos e producir case todo o que consomen (**autoabastecemento**).



Nobre visigodo.

15. Define os seguintes conceptos:


- Encomendar:
- Autoabastecer:

16. Marca os conceptos que se relacionan co proceso de ruralización:


- | | |
|-----------------------------------|---------------------------------|
| <input type="radio"/> comercio | <input type="radio"/> campo |
| <input type="radio"/> agricultura | <input type="radio"/> gandaría |
| <input type="radio"/> cidade | <input type="radio"/> industria |

Bizancio, o Imperio romano en Oriente

- O Imperio romano de Oriente rexeitou as invasións dos pobos xermánicos e sobreviviu durante dez séculos co nome de Imperio bizantino.
- No século VI, o emperador Xustiniano propúxose restaurar o antigo Imperio romano: para iso, recuperou varias rexións mediterráneas, entre elas o sueste da Península Ibérica e converteu Constantinopla nunha gran capital.
- Nos séculos IX e X, Bizancio coñeceu unha etapa de gran prosperidade coñecida como segunda idade de ouro. Os emperadores ou *basileus* gobernaban con poder absoluto tanto no político coma no relixioso.
- As diferenzas entre a igrexa de Oriente e de Occidente fixéronse cada vez maiores e o papa de Roma non aceptou a autoridade do emperador. En 1054 produciuse o Cisma de Oriente, que dividiu a cristiandade entre a Igrexa católica en Roma e os xerarcas da Igrexa ortodoxa en Constantinopla.
- Desde Bizancio evanxelizáronse os pobos eslavos (búlgaros, serbios e rusos). Como estes pobos non coñecían a escritura, crearon un novo alfabeto (cirílico) para traducir a Biblia.
- A partir do século XI, a prosperidade de Bizancio empezou a decaer: o Imperio turco otomán, de relixión musulmá, foille restando territorio ata a caída de Constantinopla (1453).
- A arte bizantina destacou pola confección de mosaicos e imaxes relixiosas de madeira chamadas iconas.



Basilica de Santa Sofía, en Istanbul.



Interior da basilica de Santa Sofía.

19. Contesta as preguntas:

– Cal foi a orixe do Imperio bizantino? Cantos séculos durou?

.....

– Como gobernaba o *basileus*?

.....

20. Observa o mapa do Imperio bizantino en época de Xustiniano e realiza as actividades:


– Repasa en vermello as fronteiras do Imperio.

– Pinta da cor indicada o territorio conquistado por Xustiniano.

– Que pretendía o proxecto de Xustiniano?


.....

.....



• Observa o debuxo de Constantinopla e escribe os edificios no lugar que lles corresponda:

- Santa Sofía
- foro
- faro
- palacio imperial
- hipódromo
- porto



No ano 330, o emperador Constantino fundou unha nova cidade, Constantinopla, no emprazamento da cidade grega de Bizancio, situada no estreito do Bósforo. Rodeouse de murallas e edificáronse igrexas e palacios.

Con máis de medio millón de habitantes, converteuse no principal porto comercial do Mediterráneo.

– Onde está situada Constantinopla?

.....

• Fíxate na imaxe e responde:

– Quen se sitúa no centro?

.....


– Por quen está acompañado o emperador?

.....

.....

– En que século gobernou Xustiniano?

.....



O Imperio carolinxiu

- Os francos eran un pobo de orixe xermánica que se instalou no territorio actual de Francia.
- A principios do século VIII, o reino dos francos estaba ameazado polos musulmáns, que invadiran o reino visigodo de Toledo e avanzaban cara ao norte.
- Os francos derrotaron os musulmáns en Poitiers (732). Pipino o Breve converteuse en rei dos francos e fundou unha nova dinastía, a carolinxiu.
- O fillo de Pipino, Carlomagno (Carlos o Grande), conquistou gran parte das terras de Europa occidental e freou o avance do Islam.
- Carlomagno intentou reconstruír o antigo Imperio romano de Occidente baixo a unidade relixiosa arredor do cristianismo. Foi coroado como "emperador dos romanos" no ano 800 polo Papa León III.
- O novo emperador organizou un gran reino con capital en Aquisgrán, recuperou a cultura clásica, o uso do latín e difundiu o ensino a través dos mosteiros.





Carlomagno nunha miniatura do século XV.

23. Contesta a pregunta:

- Quen eran os francos?
- Quen foi Carlomagno? Que proxecto pretendeu levar a cabo?

24. Observa o mapa do Imperio de Carlomagno e realiza as actividades:

– Pinta o mapa e a lenda coas cores indicadas:

-  territorio dos francos baixo dominio de Pipino o Breve
-  conquistas e Estados vasalvos de Carlomagno

– Que territorios actuais ocupaba o reino de Pipino o Breve?

.....

.....


– Que zonas conquistou Carlomagno?

.....



• Observa o palacio de Carlomagno en Aquisgrán e escribe nos recadros correspondentes os seguintes elementos:

sala do tesouro * dependencias dos mordomos * fonte
termas * capela palatina * porta monumental




Na capela palatina de Aquisgrán situouse o trono do emperador. Esta capela aínda se conserva na actualidade.

• Observa a imaxe e realiza as actividades:

– Coloca os conceptos no lugar correspondente:

nobres e clérigos * papa León III * Carlomagno

– Cando foi coroado emperador Carlomagno? Por quen?



▶ Coroación do emperador Carlomagno. Miniatura do século XIII.

Como gobernou o seu imperio Carlomagno?

Para administrar un Imperio tan extenso, poñer orde nos territorios, recadar impostos e, deste xeito, facer cumprir a lei, Carlomagno tivo que idear unha nova forma de gobernar.

Nun mundo con escasa circulación de cartos e comunicacións moi difíciles, a solución foi entregar terras aos nobres do reino para que estes as administrasen no seu nome e se beneficiasen delas.

A A ORGANIZACIÓN DO IMPERIO

- Carlomagno dividiu o territorio do Imperio en condados. Ao fronte de cada un, nomeou un **conde**, que era un nobre da súa confianza.
- Para defender as zonas de fronteira, Carlomagno creou as marcas, dirixidas por un xefe militar, o **marqués**.
- Os cargos nomeados por Carlomagno non eran vitalicios nin hereditarios.
- Carlomagno protexía aos nobres, entregáballes terras e o dereito de gobernalas; convertíalos nos seus **vasalos** e estes xurábanlle lealdade, respecto e axuda militar.
- Á súa vez, estes nobres recibían o **xuramento de fidelidade** doutros vasalos de menor rango, aos que tamén entregaban terras e protexían; destes vasalos recibían así mesmo axuda e mais fidelidade.

B CARA A UNHA EUROPA FEUDAL

- Á morte de Carlomagno, o territorio do Imperio dividiuse en **reinos independentes**.
- Ademais, desde o século IX, gran multitude de invasións asolaron de novo os territorios da Europa occidental.
- As invasións eran moi difíciles de conter porque xa non había ningún poder forte que lles puidese facer fronte. A poboación só estaba protexida polos nobres que posuían os exércitos.
- Entón, o sistema de goberno do Imperio creado por Carlomagno transformouse. Os condes convertéronse en **señores case independentes** do rei, que transmitían o seu título e as súas terras aos seus herdeiros. O poder dos monarcas era cada vez máis débil. En Europa iniciábase o **feudalismo**.

A administración do imperio

- **Conde:** encargábase de administrar xustiza, recadar impostos, recrutar ao exército e protexer a poboación.
- **Marqués:** exercía a súa autoridade sobre os condados da súa marca.
- **Missi dominici:** significa "enviado". Eran comisarios que controlaban a condes e marqueses.

27. Indica se estas frases sobre a organización do Imperio de Carlomagno son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- Os condes eran nobres de confianza de Carlomagno.
- Os condados creáronse para defender as zonas de fronteira do Imperio.
- Os nobres administraban as terras e beneficiábanse delas.
- Carlomagno nomeaba cargos vitalicios e hereditarios.
- Os vasalos de Carlomagno xurábanlle lealdade, respecto e axuda militar.
- Os nobres recibían o xuramento de fidelidade doutros vasalos de maior rango.

3. Fíxate no esquema sobre a organización do Imperio e realiza as actividades:

– Coloca no lugar correspondente dos recadros cada un dos nomes que tes a continuación:

- marqueses • Carlomagno
- *missi dominici* • condes

– Escribe debaixo de cada nome as funcións dos condes, marqueses e *missi dominici*.

– Explica que significan as frechas:

Vermellas:


.....

Verdes:

.....

Azuis:

.....



3. Observa a imaxe sobre un xuramento de fidelidade e completa as actividades:

– Coloca no lugar correspondente estes nomes:

- nobre • emperador

.....

.....

– Que significaba a protección a un vasalo por parte dun señor?


.....

.....

– E a fidelidade por parte dun vasalo?

.....

.....



3. Explica que sucedeu co territorio do imperio á morte de Carlomagno:

.....

.....

A aparición do Islam

- Durante o século VI, na península Arábiga, boa parte da poboación vivía da **gandaría nómada** ou do comercio dos **guia-dores de caravanas**.
- Unha das cidades máis importantes era **A Meca**, referente para o comercio da zona e gobernada por un consello de poderosas familias de comerciantes.
- Os habitantes de Arabia eran politeístas e no templo da Meca adorábase unha pedra de basalto, a **Kaaba**, símbolo de todas as relixións da rexión.
- Un membro dunha desas poderosas familias de comerciantes, **Mahoma** (570-632), fundou unha nova relixión monoteísta, o Islam. As prediccións de Mahoma foron recollidas no **Corán**, o libro sagrado dos seguidores do Islam (musulmáns).
- A tradición narra como o arcanxo Gabriel se lle apareceu e lle anunciou que era o novo profeta que debía predicar a nova relixión monoteísta, o Islam, cuxo único Deus era **Alá**.
- O Corán contén a profesión de fe musulmana, define os **preceptos básicos** que debe cumprir un musulmán e dita **normas de comportamento** social (permite a poligamia, prohíbe beber alcohol, comer carne de porco e os xogos de azar).
- No ano 622, Mahoma tivo que fuxir da cidade da Meca ata Medina, pois era perseguido polas súas ideas. Esa data denomínase a **Héxira** (fuxida) e marca o inicio do calendario musulmán.
- No ano 632, á morte de Mahoma, a maioría da poboación arábiga eran **musulmáns** e a península arábiga se unificara politicamente.

31. Contesta as preguntas:

– Quen era Mahoma?


.....
.....

– Que é o Islam? E o Corán? Quen son os musulmáns?

.....
.....

– Que é a Héxira? Que sinala esta data?

.....
.....



Mahoma vence na Meca (miniatura do s. XVI).

Os cinco preceptos do Islam

- Profesión de fe: crer en Alá, como único Deus e en Mahoma como o seu profeta.
- Orar cinco veces ao día e acudir ás mesquitas os venres.
- Practicar a limosna cos máis necesitados como forma de agradecer os dones outorgados por Deus.
- O xaxún no mes do Ramadán, noveno mes lunar.
- Peregrinar á Meca unha vez na vida, sempre que se teña a posibilidade de facelo.

Observa o debuxo da mesquita e realiza as seguintes actividades:

– Sitúa os seguintes lugares:

- * patio
- * fonte
- * sala de oracións

– Por que debían orientar as mesquitas cara á Meca?

.....


.....

.....

.....

.....

.....



A **mesquita** é un lugar de culto, de estudo dos textos coránicos e de reunión dos musulmáns.

Busca información sobre o Islam e relaciona as dúas columnas:

- Para esta relixión, o seu único Deus *
- Débese facer cando menos unha vez na vida *
- Practícase no mes de Ramadán *
- Débese realizar cinco veces ao día *
- É unha forma de agradecer os dons de Deus *

- * esmola
- * Alá
- * peregrinación á Meca
- * xaxún
- * orar


Observa a fotografía da mesquita da Meca e explica por que é tan importante para o Islam:

.....

.....

.....

.....




Gran Mesquita da Meca, coa Kaaba no centro do patio.

1 Sitúa cronoloxicamente. Cronoloxía da fragmentación do mundo antigo

35. Coa información do tema, identifica os acontecementos que corresponden a cada número:


- ①
- ②
- ③
- ④
- ⑤
- ⑥
- ⑦
- ⑧



2 Analiza as imaxes. As civilizacións tras a fin do Imperio romano

36. As imaxes mostran tres situacións tras a caída do Imperio romano:

- Escribe nas pautas cadanseu pé:
 - Mahoma e os seus seguidores diríxense á conquista da Meca.
 - Carlomagno acode en auxilio do Papa en Roma.
 - Teodora, esposa de Xustiniano, nun mosaico situado en San Vital de Rávena.
- Escribe nos círculos os números 1, 2 e 3, segundo sucederon cronoloxicamente:



.....

.....

38. A fragmentación do mundo antigo

Busca a resposta correcta a cada pregunta:

1. Que foi o Imperio bizantino?

2. Que foron os reinos xermánicos?

3. Como se formou o Imperio carolinxio?

Grazas a Carlomagno, o fillo do rei carolinxio Pipino o Breve, que ampliou o seu reino e espallou o cristianismo por gran parte de Europa occidental. Foi coroado emperador no ano 800.

Foron uns pobos bárbaros que irromperon en masa no Imperio romano de Occidente e acabaron conquistando o seu territorio.

Foi un imperio cristián, herdeiro do Imperio romano de Oriente e dirixido polo *basileus*. A súa capital, Constantinopla, foi chamada a "nova Roma".

39. A fragmentación do mundo antigo

Contesta brevemente:

– Que reinos se formaron tras a caída do Imperio romano de Occidente?

.....
.....

– Cal destes reinos se situou na Península Ibérica? Onde situaron a súa capital?

.....
.....

– Que nome recibiu a parte oriental do Imperio romano?

.....
.....

– Que tres relixións monoteístas coñeces?

.....
.....

Define os conceptos clave seguintes:

• Francos:

.....

• Hóxira:

.....

• Visigodos:

.....

• Cisma de Oriente:

.....

• *Basileus*:

.....

• Musulmán:

.....


2

AL-ANDALUS

Cal é o legado da civilización islámica?

- No século VII, os árabes iniciaron un proceso de expansión e conquistaron un grande imperio.
- A debilidade do reino visigodo permitiu que no ano 711 dominasen a Península Ibérica, onde permaneceron ata 1492.
- O territorio que ocuparon recibiu o nome de Al-Andalus e abrangía a meirande parte da Península.
- Ao longo dos séculos, este territorio foi conquistado polos reinos cristiáns que se crearon no norte peninsular.

O mihrab da mesquita de Córdoba, século X.



de sistemas?

Recordas como se chamaba o profeta que predicou o Islam? E o libro sagrado do islamismo?

Observa o mapa sobre a orixe do Islam e contesta as preguntas:

– En que continente se orixinou o Islam? Por que zonas se expandiu?




– Que nome recibiu a parte da Península Ibérica conquistada polos exércitos musulmáns?

– Cal foi o seu capitán?

Fixate no eixe cronolóxico e realiza as actividades seguintes:

– Colorea as principais etapas de Al-Andalus.

– Escribe o nome das etapas e os feitos que faltan.



Como se expandiu o Islam?

Despois da conquista da península Arábiga por Mahoma e os seus seguidores, os musulmáns, en nome da nova relixión islámica, conquistaron un grande imperio que se estendeu desde o océano Índico ata o océano Atlántico.

Nesta expansión cruzaron o estreito de Xibraltar e chegaron á Península Ibérica, dándolle o nome de Al-Andalus ao novo territorio. A expansión territorial desenvolveuse entre os séculos VII e IX.

Amplía na Rede...

Para saber máis sobre a expansión do Islam, entra en: www.tiching.com/71818




Guerreiros musulmáns segundo unha miniatura persa, século XIII. ◀

A EXPANSIÓN E ORGANIZACIÓN DO ISLAM


- Á morte de Mahoma no ano 632, a maior parte da península Arábiga adoptara o Islam como relixión.
- Impulsados polo desexo de difundir a súa nova relixión, os musulmáns aproveitaron a debilidade dos imperios veciños para realizar unha **expansión militar** cara a Asia, Europa, o Norte de África e a Península Ibérica.
- Ata o ano 750, o Imperio islámico foi dirixido desde a cidade de Damasco (Siria) polos califas da familia **Omeia** que chegou ata a Península Ibérica. Representaban o máximo poder relixioso e tamén político.
- A dinastía **Abasida** (750-1258) derrotou os omeias e trasladou a capital a Bagdad.
- Durante este período algunhas provincias (como Al-Andalus, Exipto e Marrocos) separáronse e declaráronse independentes politicamente do poder de Bagdad.
- Posteriormente, o Imperio quedou en mans dos **turcos**, que, en 1453, conquistaron Constantinopla, a capital bizantina, o cal se considera a fin da Idade Media.
- Desde os inicios do Islam, produciuse unha división entre os seguidores:
 - Os **xiitas** defendían que o califa debía ser un descendente directo de Mahoma e proclamaban unha interpretación máis radical do Corán.
 - Os **sunnitas** pensaban que o califa debía ser elixido entre os mellores crentes.

O ESPLENDOR ECONÓMICO E CULTURAL





- O árabe converteuse na **lingua oficial** do Imperio. Aínda que eran tolerantes coas outras relixións, as vantaxes económicas e sociais de que gozaban os musulmáns favoreceron a islamización da maioría da poboación.
- O Imperio encheuse de novas **ciudades** (Samarkanda, O Cairo, Kairuán...), que eran centros relixiosos, políticos, económicos e culturais.
- Nelas creáronse **escolas, bibliotecas e centros de tradutores**, onde se conservaron e desenvolveron os grandes coñecementos da Antigüidade e o saber das ciencias orientais.



1. Completa este mapa da expansión do Islam:



– Pinta a lenda e o mapa coas cores indicadas:

-  territorio orixinario do Islam á morte de Mahoma
-  área conquistada polos primeiros califas
-  territorios conquistados a finais do século VIII
-  expansión musulmá

– Sinala cun círculo vermello as tres batallas que frearon a expansión musulmá.

2. Relaciona a información destas tres columnas:

- | | | |
|--------------------|--------------|------------------|
| turcos otománs * | * 661-750 * | * Damasco |
| dinastía Abasida * | * 750-1258 * | * Constantinopla |
| dinastía Omeia * | * 1453 * | * Bagdad |


3. Indica se estas oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- Os xiítas crían que calquera crente podía ser nomeado califa.
- Os sunnitas consideraban que o califa debía ser elixido entre os mellores crentes.

Conquista e evolución de Al-Andalus

- A principios do século VIII produciuse a **conquista da Península Ibérica** por parte dos musulmáns. A súa presenza prolongouse máis de sete séculos.
- Os musulmáns cruzaron o estreito de Xibraltar cunha minoría árabe militar dirixente e un exército de tropas bérberes do norte de África, encabezadas polos caudillos **Tariq e Muza**.
- Ocuparon toda a península, agás as comarcas do norte de España e os Pireneos, formando un **emirato** que dependía política e relixiosamente do Califato Omeia de Damasco (711-756).
- Cando os abasidas destronaron os califas, o último membro Omeia, **Abd al-Rahman I**, refuxiouse en Al-Andalus e independizouse de Bagdad. O emirato independente durou ata 929.
- A época máis brillante de Al-Andalus produciuse entre 929 e 1031, durante o **Califato de Córdoba**. Abd al-Rahman III converteuse en califa, máxima autoridade non só política senón tamén relixiosa.
- Durante o século XI, os califas non garantiron a unidade do territorio. Este fragmentouse en **taifas** ou pequenos reinos independentes, acosados pola presión dos reinos cristiáns que procedían do norte.
- A pesar da axuda dos **almorávides** e os **almohades** durante os séculos XII e XIII (pobos bérberes do norte de África), a unidade de Al-Andalus non se volveu restablecer.
- O territorio quedou reducido ao sueste de España, no **reino nazarí de Granada** (1248-1492).

A conquista musulmá da Península Ibérica



A administración do Estado en Al-Andalus

- Estaba dividido nunhas 21 provincias ou **coras**.
- O **califa** tiña un poder absoluto: era xuíz supremo, máxima autoridade relixiosa e xeneral dos exércitos.
- Por baixo atopábase o **hachib** (primeiro ministro), axudado polos distintos **visires** (ministros). Xuntos formaban o **diwan** (gobierno).
- Os gobernadores das provincias eran os **valís** e os das marcas, os xenerais ou **qaid**s.
- Os **cadís** impartían xustiza.
- Os **almotacéns** controlaban o zoco e o comercio nas cidades.

Amplía na Rede...

Para saber máis sobre a evolución de Al-Andalus, entra en:
www.tiching.com/71822

7. Contesta as seguintes preguntas:

– Que territorios da península se resistiron á conquista?

.....

– Cal foi a época máis brillante de Al-Andalus?

.....

8. Une as dúas columnas de forma correcta:

- | | | |
|----------------------|---|---------|
| máxima autoridade | • | hachib |
| primeiro ministro | • | visires |
| ministros auxiliares | • | cora |
| nome das provincias | • | cadí |
| impartía xustiza | • | califa |
| gobierno | • | diwan |

1. Enche a táboa que tes a continuación sobre a evolución política de Al-Andalus e contesta as preguntas:

período	cronoloxía
.....	711-756
emirato independente
.....	929-1031
reinos de	século XI
almohades
.....	1248-1492

– Cantos séculos durou Al-Andalus?

.....

– Cal foi o período de maior esplendor de Al-Andalus?

.....

– En que período estivo o poder máis fragmentado?

.....


2. Completa o mapa da dereita da Península Ibérica no século XI:

- Pinta de verde o territorio cristián.
- Repasa en vermello o límite cristián-musulmán.
- Colorea cada unha das taifas dunha cor diferente.
- Cita tres reinos de taifas:

1)

2)

3)




3. Observa o mapa do reino nazarí de Granada e realiza as actividades:

– Ordena as seguintes localidades segundo o ano de conquista:

- | | |
|------------------------------|---------------------------------|
| <input type="radio"/> Ronda | <input type="radio"/> Antequera |
| <input type="radio"/> Málaga | <input type="radio"/> Almería |

– Cal foi a última cidade conquistada? En que ano?

.....




Hammal e Fátima, uns campesiños da alcaría

Hammal e Fátima pertencen a unha familia campesiña. Viven nunha alcaría, unha pequena aldea rural non moi afastada da cidade, na que habitan varias familias.

Cultivan unhas parcelas que un rico señor lles arrendou. É unha terra fértil e próspera, que dá bos froitos todo o ano porque está regada mediante un sistema de pozos, alxibes e aceas.

A roda hidráulica

Para extraer a auga dos ríos construían grandes rodas hidráulicas accionadas pola propia corrente do río.



A O CULTIVO DAS TERRAS

- Os árabes introduciron na Península Ibérica un novo tipo de agricultura, con **novas especies de plantas** traídas desde Oriente e con predominio do **regadío**.
- Nas súas parcelas, Hammal cultiva sobre todo froitas e verduras, que vende no mercado (zoco) da cidade veciña. Tamén lles vende froita aos artesáns que elaboran almibres ou xaropes, e tamén plantas aromáticas para crear perfumes.

B OS SISTEMAS DE REGADÍO

- Os musulmáns traduciron numerosos **tratados de agricultura** orientais, polo que foron capaces de **mellorar** as súas técnicas, moi en especial todo aquilo que tiña relación coa rega dos cultivos.
- Na súa alcaría, Hammal e os outros campesiños construíron un **pozo** para captar augas subterráneas, unha **roda** para subir auga do río e conservalas no **corgo** e toda unha rede de **aceas**.

12. Sitúa no lugar que corresponda os distintos elementos que forman unha nora hidráulica e despois contesta as preguntas:

vasillas • cadea

pozo • animal de tiro

– Onde se depositaba a auga que se extraía?

.....

– De que forma distribuían a auga nos cultivos?

.....


.....

– Por que dominaban as técnicas agrícolas?

.....

.....


.....



Para utilizar as augas subterráneas cavaban pozos e elevaban a auga mediante unha nora.

3. Sitúa no lugar que corresponda as seguintes partes dunha alcaaría e responde:

torre de vixía • aceas • corgo • muíño • hortos • froiteiras



– Que era unha alcaaría?

4. Observa os novos cultivos introducidos polos árabes e inventa un menú completo para unha comida:

menú	nome do prato	ingredientes
primeiro prato
segundo prato
sobre-mesa

Cultivos introducidos polos árabes

- **Cereais:** arroz.
- **Hortalizas e verduras:** berenxena, espárrago, espinaca, acelga, calabaza, cogombro, xudía verde, allo, cebola, cenoria, nabo.
- **Froitas:** sandía, melón, laranxa amarga, limón, figo, granada, plátano, marmelo, albañicoque.
- **Especies:** azafrán.
- **Outros:** cana de azucre e algodón.

As cidades de Al-Andalus

No mundo islámico, o centro económico era a cidade. Alí producíase de todo, intercambiábanse produtos agrícolas e artesanais e era punto de encontro do comercio internacional.


A sociedade andalusí era sobre todo urbana e nas cidades concentrábase unha elevada poboación, que reunía diversidade de relixións e categorías sociais.

A SOCIEDADE URBANA


- Al-Andalus foi un Estado moi poboado para a súa época e contaba con **grandes cidades**.
- **Córdoba** superaba os 300 000 habitantes e era unha das cidades máis populosas do mundo. Outras cidades importantes eran Sevilla, Toledo, Granada, Badaxoz, Zaragoza e Valencia.
- A maioría delas estaban rodeadas de **murallas** e contaban con varias portas de acceso que se pechaban cada noite. As rúas non estaban ordenadas e formaban un labirinto.

A ARTESANÍA E O COMERCIO

- Os artesáns agrupábanse nas cidades por barrios gremiais (têxtil, papel, coiro, forxa, vidro etc.).
- O comercio era moi activo e en todas as cidades había **zocos** (mercados) para o intercambio de produtos.
- As **relacións comerciais** con outros territorios eran tamén moi importantes:
 - Al-Andalus vendía produtos agrícolas e mais artesanais.
 - De África chegaban, sobre todo, escravos, ouro e marfil.
 - De Europa chegaban metais e madeira.
 - De Oriente procedían obxectos de luxo e especias.
- Existía unha moeda de ouro (**dinar**) e outra de prata (**dirham**) que circulaban por todos os territorios islámicos, o que favoreceu a prosperidade do territorio.




15. Enche o esquema da sociedade andalusí:



Os distintos grupos sociais

- Os **musulmáns** diferenciábanse entre a aristocracia, a clase media e o pobo:
 - **Árabes:** eran unha minoría e acaparaban cargos, privilexios e a propiedade da terra.
 - **Bérberes:** chegaran co exército conquistador ou emigrado desde o norte de África. Moitos deles dedicábanse ao pastoreo e tiñan unha condición humilde.
 - **Muladí:** constituían a maioría da poboación e acabaron fusionándose cos dous grupos anteriores.
- Os **non musulmáns** pagaban máis impostos e tiñan limitados algúns dereitos:
 - **Mozárabes:** profesaban a relixión cristiá e vivían maioritariamente nas cidades.
 - **Xudeus:** dedicábanse á artesanía, ao comercio, á medicina ou á ciencia.

Inha cidade andalusí



O centro da cidade era a **medina**, que tiña a súa propia muralla e albergaba a **mesquita** maior e o **alcázar** ou residencia gobernativa. Tamén tiña fontes con auga potable e baños públicos.

A actividade comercial concentrábase no **zoco** (mercado) e na súa proximidade había **alfóndegas** (hospedarías ou casas públi-

cas destinadas á compravenda de trigo) para as caravanas que chegaban á cidade. A **alcaicería** era un espazo pechado dentro do zoco, onde se vendían as mercadorías máis valiosas.

As minorías mozárabe e xudía adoitaban vivir en barrios separados. Os barrios fóra das murallas eran os **arrabalde**.

Relaciona estes lugares dunha cidade hispano-musulmá coa súa función:


- | | |
|--------------|---|
| alcaicería * | * residencia gobernativa |
| alcázar * | * mercado |
| zoco * | * lugar destinado á venda das mercadorías máis valiosas |
| arrabalde * | * lugar de culto musulmán |
| mesquita * | * barrio fóra da muralla |

Cantos libros tiña a biblioteca de al-Hakam?

Al-Hakam II foi o segundo califa Omeia de Córdoba (961-976) e sucedeu o seu pai, Abd al-Rahman III. Foi un gran mecenaz das artes e mais das ciencias e fundou numerosas escolas públicas.

En Córdoba, creou a biblioteca máis importante de toda a Europa medieval e nela podíanse consultar moitas das obras máis sobranceiras da época.

A través dela, podemos aprender as achegas do Islam á cultura occidental.




Eruditos nunha biblioteca árabe. Miniatura do século XIII.

A CULTURA E OS AVANCES CIENTÍFICOS

Novas técnicas e instrumentos

- Construíron muíños de vento con velas que facían xirar sobre un eixe vertical.
- Trouxeron de Oriente o papel, que substituíu o pergameo.
- Os coñecementos sobre a mestura de ácidos e sales (química) permitiron a elaboración da cerámica vidrada.
- Expandiron o sistema de numeración decimal (arábigo), de orixe india.
- Difundiron o xogo do xadrez, que se inventara en Persia.
- Para a navegación incorporaron un novo temón, mapas náuticos e trouxeron o compás da China.



Barco de comerciantes árabes. Miniatura árabe do século XIII.

Ciencias e medicina

- Os científicos andalusís foron recoñecidos mundialmente polos seus estudos en matemáticas, astronomía, medicina, botánica, agronomía e mais astroloxía.
- Todos eles influíron enormemente na Europa da súa época, e os seus textos foron estudados ata o século XVII.
- Exercían a cirurxía e crearon instrumental usado aínda hoxe en día.




- Prepararon novas receitas curativas con substancias vexetais e usaron a beladona como anestesia.

► Un médico árabe curando unha ferida, século XV.

A cultura

- Houbo grandes xeógrafos, historiadores e filósofos, como Averroes e Maimónides, este último de orixe xudía.
- Grandes poetas como Ibn Hazm escribiron "O colar da pomba".
- Na poesía popular compuxeron o zéxel. Moitas destas composicións recítanse aínda hoxe.

Corán elaborado en Valencia no século XII.



7. Le o texto introdutorio e contesta as seguintes preguntas:

– Quen era al-Hakam II? A que familia pertencía?

.....

– En que século viviu? Onde estaba a súa biblioteca?

.....

8. Indica se estas afirmacións sobre os musulmáns son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- Elaboraron cerámica vidrada.
- O pergameo foi substituído polo papel.
- Maimónides foi un dos grandes sabios de orixe musulmá.
- Construíron muíños de vento con velas xiratorias.
- A biblioteca de al-Hakam foi a máis importante de Europa na súa época.
- Investigaron sobre como curar enfermidades con plantas.



▼
Cerámica vidrada do século XII.

9. Relaciona estes coñecementos e saberes traídos a Europa polos musulmáns co lugar de orixe destes:

- | | |
|---------------------------|-----------|
| compás * | * Persia |
| sistema métrico decimal * | * A India |
| xadrez * | * A China |

10. Explica a que se dedican as seguintes ciencias:

- * botánica:
- * astronomía:
- * agronomía:
- * astroloxía:

11. Busca información en Internet e averigua cantos volumes tiña a biblioteca de al-Hakam II e que actuacións levou a cabo este califa para fomentar a cultura:

.....

.....

A arte andalusí

Na cultura islámica, a arte estivo moi unida á relixión. O Corán prohibía representar imaxes de figuras humanas, polo que se construíu máis (arquitectura) e se esculpiu e pintou menos.


Os artistas cultivaron as artes decorativas, entre as que destacan os obxectos de metal, cristal e marfil (vaixelas, xerros, aldrabas...), a cerámica e o mosaico, decorados cunha enorme variedade de motivos, formas e cores.

PREDOMINIO DA ARQUITECTURA


A arquitectura islámica presenta unha serie de características comúns:

- Os edificios máis representativos son as **mesquitas** e edificios civís como alcazabas, palacios, zocos, baños públicos e escolas (madrasas).
- Entre os exemplos máis importantes atópanse a **Mesquita de Córdoba**, o palacio da **Alxafaría** de Zaragoza e a **Alhambra** de Granada.
- Usaban materiais de construción sinxelos: **ladrillo** e **madeira**.
- Os edificios cubríanse mediante **bóvedas** e **cúpulas** profusamente decoradas.
- Utilizaban **pires** e **columnas** como sustentos e con numerosos **arcos**.
- Os muros exteriores apenas se decoraban, pero os interiores enchíanse de **mármores**, **azulexos**, **xesos** e **madeiras**.
- Moitas das construcións, sobre todo os palacios, presentan fermosos **xardíns** nos que a vexetación e a auga se combinan para crear un ambiente tranquilo e relaxado, integrando arquitectura e natureza.

Tipos de arcos




ferradura



de entibo



lobulado



entrecruzado



Decoración ornamental

- A pintura, o mosaico e o estuco utilizáronse para recubrir as superficies dos muros.
- Segundo o tipo de decoración dos muros, distínguense:
 - **Lazaría**: motivos xeométricos.
 - **Ataurique**: motivos vexetais.
 - **Arabesca**: motivos vexetais e xeométricos entrelazados.
 - **Caligráfica**: escritura de textos do Corán.

22. Contesta as preguntas:

– Por que predominaba a arquitectura na arte andalusí?

.....


– Cales eran os edificios máis representativos? Pon algún exemplo.

.....

• Fixate no debuxo da Alhambra de Granada, le o texto e responde:

A Alhambra de Granada foi construída durante os séculos XIV e XV. É o palacio mellor conservado de todo o mundo árabe medieval.

Sitúase no interior da alcazaba (fortaleza) de Granada e nela fixou a súa residencia a dinastía nazarí.




– En que séculos se construíu?


– Onde está situada?

• Sitúa cada tipo de decoración na fotografía que corresponda:


- * caligráfica
- * arabesca
- * lazará



.....



.....



.....

• Debuxa un arco entrecruzado, un de ferradura e un lobulado:

entrecruzado

ferradura

lobulado

1 Analiza o debuxo. Un zoco ou mercado andaluzí

O zoco era o centro do intercambio de produtos.



26. Observa o debuxo do zoco e responde as seguintes preguntas:

– Con que produtos se comerciaba?

– Que animais transportaban as mercadorías?

– Por que eran tan importantes as especias?

2 Completa a táboa. Numeración arábica

27. Fíxate no cadro:

cifras árabes	as nosas cifras	cifras romanas
•		
۱		I
۲		II
۳		III
۴		IV
۵		V
۶		VI
۷		VII
۸		VIII
۹		IX

– Enche o número actual que corresponde a cada unha das cifras árabes e romanas.

– Que cifra importante non tiña a numeración que usaban os romanos?

3 Traballo colaborativo. Palabras e topónimos de orixe árabe

28. Lede as seguintes palabras:

aceite

alcol

xinete

oliva

rodrez

almacén

almofada




– Organizádevos en grupos de cinco. A tarefa consiste en construír un breve dicionario de palabras e topónimos de orixe árabe.

– Cada grupo debe buscar 20 palabras de orixe árabe e clasificalas por temas: froitas, vexetais, sistemas de rega, utensilios, edificación etc.

– Recompilade os traballos de todos os grupos e eliminade as palabras que se repitan. Despois, confeccionade un dicionario ordenando as palabras por orde alfabética.

Identifica as imaxes. Elementos da arquitectura andalusí

Identifica os seguintes lugares:



– Relaciona cada imaxe co nome que lle corresponda (ten en conta que hai dous nomes que non teñen correspondencia):

- lacería
- arco lobulado
- arco entrecruzado
- arabesca
- caligráfica
- arco de ferradura
- xeroglífica

30. Contesta brevemente. Al-Andalus

- A que se lle chama Al-Andalus?
.....
.....
- Que dúas familias se sucederon no poder?
.....
.....
- Como se mellorou a agricultura?
.....
.....
- Que grupos sociais houbo en Al-Andalus?
.....
.....

31. Define os conceptos clave seguintes:

- Sunnita:
- Xiíta:
- Califa:
- Taifa:
- Mesquita:
- Muladí:

A EUROPA FEUDAL

En que relacións de vasalaxe e servidume se fundamentaba a sociedade feudal?



- A caída do Imperio de Carlomagno e as invasións que arrasaron Europa nos séculos IX e X facilitaron a expansión do feudalismo.
- Os reis non eran suficientemente fortes para protexer os seus reinos e apoiáronse na nobreza, que podía construír castelos e manter un exército. A cambio da súa axuda militar, entregáronlles un feudo. Asemade, os campesiños buscaron a protección dun nobre e convertéronse nos seus servos.
- A sociedade medieval quedou estruturada en tres estamentos: os que guerreaban (os nobres), os que rezaban (os eclesiásticos) e os que traballaban (campesiños e artesáns).

Gravado que mostra un torneo entre cabaleiros, século XIV.

¿Sabemos?

Con que época relacionas o feudalismo? Escribe cinco palabras que relaciones con este concepto:


.....

.....

Nas imaxes están representados os tres estamentos nos que se dividía a sociedade feudal: nobreza, clero e campesiños. Escribe debaixo de cada unha o grupo social ao que corresponde:



.....



.....



.....

Fixate no mapa da Europa feudal e realiza as actividades seguintes:

- Pinta coa cor da lenda a zona na que se desenvolveu o feudalismo.
- A que século e continente fai referencia?

.....

- Que zona mediterránea quedou á marxe do feudalismo?

.....

- Lembras que pasaba na Península Ibérica nesta época?

.....

.....



Como se organizaba a sociedade medieval?

Tras a descomposición do Imperio carolinxio (século IX) estendeuse por Europa occidental un novo xeito de organizar e gobernar a sociedade: o feudalismo.

Os nobres ou señores feudais recibían un territorio ou feudo do rei, prometéndolle apoio militar en caso de guerra. No feudo traballaban campesiños a cambio da protección do seu señor.



→ Cerimonia de homenaxe dun nobre (vasalo) a un soberano, século XIII.

A UN PERÍODO DE INSEGURIDADE

- Entre os séculos IX e X, unha serie de invasións devastaron Europa occidental:
 - Polo norte, os **normandos** (vikings).
 - Polo sur, os **musulmáns**.
 - Polo leste, os **húngaros**.
- Os monarcas non podían protexer a poboación, recadar impostos e manter un exército. Por iso apoiáronse nos nobres, cos que estableceron un sistema de relacións persoais coñecido como **vasalaxe**.
- Moitas familias buscaron a protección dos nobres, que tiñan castelos fortificados e os seus propios exércitos.
- Os que podían pagar armas e podían manter un cabalo convertéronse nos seus vasalos, mentres que os campesiños foron caendo na **servidume**.

B A VASALAXE, BASE DO FEUDALISMO

- A vasalaxe era un **pacto de fidelidade** que se establecía nunha dobre cerimonia:
 - A **homenaxe**, pola que o vasalo, de xeonllos perante o rei, lle prometía fidelidade e axuda militar.
 - A **investidura**, pola que o rei lle entregaba ao vasalo un feudo para que o gobernase.
- Un señor feudal podía ceder parte do seu feudo a outros nobres menos poderosos, os **cabaleiros**, para que o gobernasen e mantivesen un pequeno exército.
- Nacera a sociedade feudal ou estamental: os **privilexiados** (nobreza e clero) e os **non privilexiados** (artesáns e campesiños), que eran a maioría da poboación.
- A estes grupos sociais pertencíase por nacemento e non existía a mobilidade social.

4. Observa o mapa das invasións dos séculos IX e X:


– Colorea os territorios segundo a lenda:

 húngaros
  vikings
  musulmáns

– De onde procedían os vikings?

– Ata onde chegaron?



– Quen se estableceu na Península Ibérica?



Recorda o texto e contesta as seguintes preguntas:

- Que era a vasalaxe?
- Que prometía o vasalo na cerimonia da homenaxe?
.....
- Que se entregaba na cerimonia da investidura?
.....
- A que nova sociedade deu lugar a vasalaxe?
.....

Fixate na pirámide social feudal e escribe os nomes dos personaxes ou dos grupos que faltan:



PRIVILEXIADOS

NON PRIVILEXIADOS

- Quen eran os privilexiados?
.....
- Quen eran os non privilexiados?
.....

Os privilexiados: a nobreza

A nobreza era un estamento privilexiado e a súa misión consistía en protexer militarmente a sociedade. A nobreza estaba composta por duques, marqueses, condes e mais baróns.

Moitos nobres tiñan feudos dos que recibían rendas, que lles permitían construír castelos, posuír cabalos e custearse o seu armamento.



A caza con falcón, miniatura do século XIII.

A A VIDA DOS NOBRES

- A actividade máis importante dos nobres era **adestrarse para o combate**. Para iso celebraban xustas e torneos nos que se enfrontaban a outros cabaleiros.
- Cando o rei os convocaba para unha guerra, acudían coas súas tropas (**mesnadas**).
- Tamén practicaban a **caza** a cabalo e a **cetraría**, que consiste en adestrar para a caza unha ave de rapina diúrna (falcón).



Damas da nobreza nunha miniatura do século XIV.

B A VIDA NO CASTELO


- Os nobres vivían en castelos fortificados. Ademais de adestrarse e cazar, xestionaban todo o relativo ao seu feudo: xuízos, recadación de impostos e alimentos dos servos, mantemento do castelo e das armas.
- As damas tiñan que organizar o castelo e todo o relacionado co servizo. Nos seus momentos de ocio tocaban música, bordaban ou paseaban a cabalo. Ás veces, tras a morte do nobre, ou na súa ausencia, administraban o feudo.
- En ocasións, celebrábanse banquetes ou **festas** animadas polos xogres e trovadores. Comían sobre todo carne e bebían viño e cervexa. Collían a comida coas mans porque o uso de cubertos non se xeneralizara.

Amplía na Rede...

Para saber máis sobre os castelos medievais, entra en:
www.tiching.com/7267/

11. Define coas túas palabras os seguintes conceptos:

- xustas e torneos:
- mesnadas:
- cetraría:
- xogres e trovadores:



O castelo adoitaba situarse nun lugar elevado dentro do feudo. As súas murallas rodeaban o castelo: eran altas, podían ter 2,5 m de ancho e servían de refuxio aos campesiños en caso de perigo.

O castelo debía ser autosuficiente, e para iso contaba con pozos de auga e obradoiros artesanís.

O interior comprendía un conxunto de edificacións (cortes, ferraría, forno, capela, pozo...) arredor dun ou máis patios.

No centro do castelo localizábase a **torre da homenaxe**, onde habitaban o señor e a súa familia. No gran salón celebrábanse as recepcións.

12. Observa o debuxo dun castelo feudal e realiza as actividades:

– Escribe estes elementos nös recadros correspondentes:

muralla * torre * foxo * ponte levadiza * patio de armas * pozo * capela * forno * cocíña

– Onde se situaban os castelos? Que construcións defensivas tiñan?

– Que era a torre da homenaxe? Onde se situaba? Que dependencias tiña?

Os privilexiados: o clero

- Na Idade Media, a maior parte dos habitantes de Europa eran cristiáns. A Igrexa regulaba a vida social e privada de todas as persoas.
- Organizaba as **cerimonias** que marcaban os grandes acontecementos da vida (bautizo, matrimonio e funeral) e regulaba as **festividades** do calendario (domingos, Nadal, Pascua, Semana Santa...).
- Os cristiáns debían cumprir coas súas **obrigas relixiosas**: rezar, oír misa os domingos, xaxuar en Coresma, confesar, cumprir a penitencia que lles fose imposta e comungar por Pascua.
- Ademais, recomendábase a **peregrinación** a lugares santos (Roma, Xerusalén e Santiago), nos que se conservaban reliquias de santos.
- A Igrexa era propietaria dunha boa parte das terras e tamén de moitos edificios (mosteiros, conventos, igrexas...), que lle proporcionaban numerosas rendas e beneficios.
- Nos seus señoríos obtiña as rendas feudais, cobraba o décimo a todos os campesiños e recibía doazóns dos seus fregueses, algúns dos cales doaban os seus bens á Igrexa ao morrer.
- A Igrexa realizaba tamén un importante labor social: tiña ao seu cargo a asistencia aos **pobres**, o coidado dos **enfermos** nos hospitais e o **ensino** nas escolas dos mosteiros e bispados.



Celebración dunha misa segundo unha pintura italiana do século XV.

@ Amplía na Rede...

Para saber máis sobre a organización da Igrexa, entra en: www.tiching.com/743428

13. Observa o esquema das distintas fontes das que obtiña rendas a Igrexa e contesta as preguntas:

– En que consistía o décimo?

.....

.....

– Que obtiña polos dereitos señoriais?

.....

.....


– Cales eran as súas outras fontes de ingresos?

.....

.....

.....

As rendas da Igrexa



14. Observa o esquema e realiza as actividades:

Sitúa os nomes no lugar correspondente:

Deus * sacerdote

monxa * papa

– Quen compoñía o clero secular?

.....

– E quen compoñía o clero regular?

.....

– Ordena de maior a menor rango:

obispo


arcebispo

papa

monxe

frade

A organización da Igrexa



15. Sinála se as oracións seguintes son verdadeiras (V) ou falsas (F):

A Igrexa regulaba as festividades do calendario.

Un dos lugares santos era Xerusalén.

A Igrexa non se dedicaba ao ensino.

A Igrexa posuía numerosas terras.

16. Explica cales eran as principais obrigas dun cristián:

.....

17. Que labor realizaba a Igrexa?

.....

18. Observa un calendario do ano en curso e anota as festas relixiosas que se celebran na actualidade:

Nadal,

O feudo: señores e campesiños

- * Na Idade Media, a maior parte da terra estaba en mans dos privilexiados, xa fosen laicos (nobres) ou relixiosos (clero), e constituían un feudo ou señorío.
- * As terras dun señor constituían o **señorío territorial**. Para explotalas, o señor cedía parcelas a campesiños que as cultivaban a cambio do pagamento dunhas rendas (**rendas señoriais**).
- * A cambio, os campesiños estaban obrigados a traballar uns días ao ano na reserva do señor (**prestacións persoais**), entregarlle unha parte da colleita (**censo**) e contribuír ao sostemento do castelo e dos servizos comunitarios.
- * Cada señor feudal podía ter as súas propias leis dentro do seu señorío. Tiña **autoridade plena**, debía asegurar **protección** aos campesiños e podía administrar **xustiza**.
- * Os campesiños debían cultivar as terras e coidar do gando. Para non esgotar a terra practicaban a rotación de cultivos, deixando unha parte da terra en repouso (**barbeito**). Vivían en pequenas aldeas e aproveitaban os bens comunais (bosques e prados) que os rodeaban. Constituían a maioría da poboación medieval.

19. Le o texto das obrigas do campesiño e contesta:

– Que impostos debían pagar os campesiños?

.....
.....

– Que outras obrigas tiñan?

.....
.....

20. Observa o debuxo da técnica do barbeito e responde:

– Lábrase sempre o mesmo anaco de terra?
Por que?

.....
.....
.....

– Para que se deixaba unha parte da terra en barbeito?

.....


Libres ou servos

- * Os **campesiños libres** eran propietarios da súa terra e non estaban suxeitos a un señor. Por iso, podían dispoñer con liberdade das súas vidas: casar, abandonar o feudo, dedicarse a un oficio etc.
- * Os **servos** traballaban as terras dun señor e non tiñan liberdade persoal. Non podían abandonar as terras, nin casar, nin deixar herdanza sen permiso do señor.

As obrigas dos campesiños

- * Realizar prestacións persoais de traballo.
- * Pagar censos, primicias, peaxes, dereitos de monopolio e outros impostos.
- * Pagar dereitos de paso, de caza e pesca...
- * Obedecer todas as ordes do señor e acatar a súa xustiza.
- * Satisfacer as multas xudiciais.
- * Axudar ao mantemento do castelo e aos servizos do feudo.


Primeiro ano: ao non dispoñer de fertilizantes, deixábase unha parcela sen cultivar para que o chan se recuperase.



Segundo ano: cultivábase a parcela en barbeito do primeiro ano e deixábase repousar a cultivada o ano anterior.

O feudo quedaba organizado en dúas partes:

- A **reserva señorial** ou **dominio** estaba formada polas mellores terras, que o señor se reservaba para a súa explotación directa. Nelas adoitaba estar o **castelo**, así como os prados e os bosques comunais.
- Os **mansos** eran parcelas de terras que o señor entregaba a servos ou a campesiños libres para que as cultivasen e construísen o seu fogar a cambio do pago dunhas rendas.



21. Observa o debuxo dun feudo, le o texto e realiza as actividades:

- Sitúa os seguintes lugares:

prados do señor * castelo do señor * igrexa * ponte do señor * aldea * muíño do señor

- Describe como era un feudo e de que partes constaba:

- Cita dúas diferenzas entre os mansos e a reserva señorial:

- Explica que diferenciaba un campesiño libre dun servo:

1

Análiza a imaxe. O equipo do cabaleiro

22. Observa o gravado dun cabaleiro do século XII, le os textos e realiza as actividades:


– Sitúa na casa que corresponda os seguintes nomes:

estribeira * helmo * lanza * escudo * esporas

– Que estamento podía ter un equipo como este?

– Como o personalizaban?

O **equipo** era moi custoso. Para garantir que podían mantelo, os cabaleiros debían posuír máis de 150 hectáreas de terra.



Vestidos coas cotas de malla e os helmos, os cabaleiros eran moi difíciles de recoñecer. Por iso, cada un posuía un **escudo** que o identificaba polas súas cores e debuxos.



2

Organiza a información. Os estamentos sociais

23. Realiza as actividades seguintes:

– Completa o esquema co grupo social correspondente:


nobreza * clero * campesiñado

– Pinta os recadros seguintes coa cor da frecha coa que se relaciona:


aseguran a protección de

rezan por

traballan para



3 Identifica os elementos. O señorío ou feudo



24. Este debuxo representa un señorío ou feudo de 1520. Relaciona cada número co seu nome correspondente:

- castelo
- campos labrados
- bosque señorial
- igrexa
- aldea
- muíño
- ponte de peaxe

Síntese. A Europa feudal

25. Contesta brevemente:

– Que tres estamentos compoñían a sociedade feudal?

①

②

③

– Que influencia tiña a Igrexa na sociedade da época?

.....

.....

.....

– Que era un feudo?

.....

.....

26. Define os seguintes conceptos clave:

* Feudalismo:

.....

* Corte:

.....

* Torneo:

.....

* Peregrinación:

.....

* Manso:


.....

* Servo:

.....

A ORIXE DOS PRIMEIROS REINOS PENINSULARES (SÉCULOS VIII-XIII)

Como se formaron e expandiron os primeiros núcleos de resistencia á conquista musulmá?




Os habitantes dos territorios montañosos da Cordilleira Cantábrica e dos Pireneos resistiron o avance dos exércitos musulmáns durante o século VIII.

Crearon reinos e condados e iniciaron un proceso de expansión cara ao sur, arrebatándolle territorios a Al-Andalus consolidando poderosas monarquías.

O culto ao apóstolo Santiago deu orixe ao Camiño de Santiago, que serviu para difundir as correntes artísticas e culturais da cristiandade occidental.


...nito de seu aüer a santa Maria.

Ataque a un castelo, segundo unha miniatura das *Cantigas de Santa María*, século XIII.



Que sabemos?

1. Completa o eixe cronolóxico cos nomes que faltan e colorea adecuadamente cada un dos reinos e condados:



2. Observa o eixe cronolóxico e sitúa, de forma aproximada, as datas dos seguintes acontecementos:


- formación do reino de Asturias:
- formación do reino de Pamplona:
- formación da Coroa de Aragón:
- formación da Coroa de Castela:

3. Observa o eixe cronolóxico e ordena no tempo os seguintes feitos históricos:

- inicio da construción da catedral de Santiago
- incorporación de Galicia ao reino de Asturias
- independencia do condado de Castela
- batalla de Roncesvalles
- batalla de Covadonga
- O Cid

De reino de Asturias a reino de León

- Durante o século VIII, algúns caudillos locais das montañas asturianas negáronse a pagar tributos aos emires musulmáns de Córdoba. O máis destacado deles foi **Paio**, quen nas proximidades de Covadonga resistiu un ataque dos musulmáns cara ao ano 722.
- A resistencia foi continuada polos primeiros reis de Asturias, **Afonso I** (739-756) e **Afonso II** (791-842). Máis adiante controlaron territorios ao leste e oeste de Asturias ata chegar a Galicia.
- No século IX, os reis de Asturias, entre eles **Afonso III** (866-910), aproveitando os enfrontamentos internos e a debilidade dos emires musulmáns, ocuparon os territorios que se estendían dende a Cordilleira Cantábrica ata o río Douro.
- Os cristiáns levaron a cabo a **repopoación** do val do Douro. Fundaron pobos e cidades e dedicáronse a cultivar as terras e a criar gando.
- **Ordoño II** (914-924) trasladou a súa corte a León (914), que se converteu na capital do **reino de León**.
- Al-Andalus traíu desde o século X de frear o avance cristián. Un caudillo andalusí, **al-Mansur**, intentou recuperar cidades perdidas (Santiago, León e Zamora) mediante rápidos e violentos saqueos (razzias). Así, freouse a expansión do imperio leonés e os seus reis trataron de afianzar a fronteira no río Douro.



▶ Afonso II, rei de Asturias.



◀ O rei Afonso III e a súa esposa Ximena xunto ao bispo de Oviedo no *Libro dos Testamentos*, século XII.

4. Observa o mapa da expansión do reino de Asturias e realiza as actividades:

- Pinta o mapa segundo os cores que indica a lenda.

- Sitúa no recadro o nome da batalla e explica en que consistiu:


.....

- En que río se fixou a fronteira con Al-Andalus cara ao século X?

.....

- Que nome adoptou o reino de Asturias no século X?

.....



5. Le o texto sobre a formación de Castela e contesta as seguintes preguntas:

- De onde provén o nome de Castela?

.....

- Como se formou e independizou o condado de Castela?

.....

.....

.....

A formación de Castela

- Para defenderse dos exércitos musulmáns, os reis cristiáns construíron numerosos castelos nas terras orientais do reino de León.
- Os condes que gobernaban os castelos fixéronse máis independentes, ata que un deles, Fernán González, uniu os condados no século X e declarou o seu título como hereditario. Nacera o condado de Castela, que pouco despois se convertería en reino.

6. Relaciona cada personaxe co acontecemento que corresponda:

Afonso I • • fixou a capital do Reino en León a principios do século X

Paio • • primeiro en declararse rei de Asturias

Fernán González • • realizou saqueos en cidades recuperadas polos cristiáns

Afonso III • • resistiu un ataque musulmán en Covadonga

Ordoño II • • liderou o avance do reino de Asturias cara ao val do Douro

al-Mansur • • independizou o Condado de Castela do reino de León

7. Fíxate na ilustración e contesta as preguntas:


- Que territorios uniu baixo o seu cetro Fernando I?
En que século?

.....

- Identifica a que número corresponden os distintos atributos de poder cos que está representado o rei:

cetro trono


coroa lei




Fernando I, rei de Castela e León no século XI, vestido coa indumentaria propia das coroacións reais.

Os condados e reinos pirenaicos

- Carlomagno creou unha zona fortificada ao longo dos Pireneos para reforzala militarmente. Este territorio baixo control franco coñécese como Marca Hispánica. Para a súa defensa, dividiuse en condados gobernados por condes que debían xurar fidelidade ao monarca.
- Tras a morte de Carlomagno, os condes converteron o seu cargo en hereditario e desvinculáronse dos francos. Deste xeito, a antiga Marca Hispánica deu orixe a tres grandes territorios:
 - O **reino de Pamplona**. Desde os vales dos ríos Arga e Aragón (afluentes do Ebro), dúas familias (os Arista e os Ximena) constituíron un reino independente. No século X, os reis de Pamplona expandiron os seus dominios por terras de Árabas e A Rioxa e incorporaron o condado de Aragón.
 - O **reino de Aragón**. A familia Aznar Galíndez conseguiu independizarse dos francos durante o século IX e creou o condado de Aragón. A unión cos condados de Sobrarbe e Ribagorza, no século XI, deu lugar ao reino de Aragón.
 - Os **condados cataláns**. A finais do século IX, Wifredo o Peludo, conde de Barcelona, anexionou aos seus dominios a maioría dos condados cataláns e converteu o seu título en hereditario. Borrell II deixou de prestarlles fidelidade aos reis francos e os condados cataláns independizáronse. Ao longo dos séculos XI e XII, o condado de Barcelona estendeuse cara ao norte (Occitania) e cara ao val do Ebro.



Mosteiro de San Pedro de Siresa (Huesca), construído no século IX.



Wifredo o Peludo conseguiu que algúns condados cataláns se fixesen vasallos seus.

8. Contesta as seguintes preguntas:

- Que era a Marca Hispánica?

.....

- Que ocorreu á morte de Carlomagno?

.....

.....

9. Relaciona estes nomes co reino que corresponda:

- | | |
|-------------------|---------------------|
| Aznar Galíndez • | • reino de Pamplona |
| Arista e Ximena • | • condados cataláns |
| Borrell II • | • reino de Aragón |

10. Observa o mapa dos condados e reinos pirenaicos no século XI:

- Pinta os reinos e condados segundo a cor que indica a lenda.
- Repasa na cor indicada a fronteira con Al-Andalus.
- Que condados integraban o reino de Aragón?



- Cales eran os condados cataláns?

11. Le o texto e observa o esquema sobre a herdanza de Sancho III. Logo, contesta as preguntas:


- Que reinos unificou baixo o seu reinado?
- Como se dividiu o reino de Pamplona á morte de Sancho III?

Sancho III

- A principios do século XI, Sancho III herdou o reino de Pamplona. Mediante a súa política militar e de matrimonios, logrou controlar non só o seu reino, senón tamén os condados aragoneses, o de Castela e o reino de León.
- O rei fomentou o Camiño de Santiago e, á súa morte, repartiu entre os seus fillos os tres grandes reinos: Pamplona (Navarra), Aragón e Castela-León.

- Pinta o esquema segundo a cor de cada reino:

- Castela
- Pamplona
- Aragón
- Sobrarbe e Ribagorza



O reino de Galicia do século VIII ao XIII

Durante este período da Idade Media, Galicia viviu as presións dos musulmáns e dos nacentes reinos cristiáns que trataron de unir o seu territorio.

A GALICIA ATA O ANO 1000

- O reino de Asturias incorporou as terras galegas aos seus dominios durante o século VIII. Os reis **Afonso I** (739-757) e **Ordoño I** (850-866) completaron o control do territorio ata o val do Miño.
- Foi un tempo de inseguridade debido a tres causas:
 - As disputas entre a nobreza e a monarquía por facer valer os seus privilexios.
 - Un período de **invasións normandas** nos séculos IX e X que afectaron as Rías Baixas e as costas de Lugo.
 - As **razzias musulmás**, como a de al-Mansur en 997, que alcanzou Santiago.
- No ano 910, **Ordoño II** converteuse en rei independente de Galicia, inaugurando un período de maior autonomía respecto ao reino de León.



▼ Miniatura dun manuscrito do século XII no que aparece Ordoño II, rei de Galicia desde o ano 910 e de León a partir do 914.

Os reis astur-leoneses e a tumba do Santiago

Segundo a Biblia, o apóstolo Santiago predicou en Hispania durante o século I. A tradición medieval afirma que morreu en Xerusalén e que os seus restos foron trasladados ata Galicia para seren enterrados.

Conta a lenda que no ano 813 un ermitán viu unhas estrelas no ceo que se desprazaban ata situarse sobre un bosque. Foi visitar aquel sitio e atopou un sepulcro con restos humanos.

A noticia chegou ata o bispo de Iria Flavia, Teodomiro, que os atribuíu ao apóstolo Santiago e denominou aquel "campo de estrelas" como "campus stellae" (Compostela). Axiña, o rei Afonso II de Asturias mandou construír unha igrexa en honor a Santiago, ata alí trasladouse a sede do bispado e iniciáronse as peregrinacións.

B A UNIÓN A CASTELA

- O monarca **Afonso VI** de León e Castela (1071-1109) dividiu Galicia, para o seu goberno, en dous condados, o propio de Galicia e o de Portugal; a partir dese momento, este último tería a súa propia evolución ata se facer independente.
- Durante este período produciuse un levantamento popular en Santiago (1117) contra a autoridade da raíña **doña Urraca** (filla de Afonso VI) e **Diego Xelmírez** (bispo de Compostela).
- Afonso Raimundez, nacido en Caldas de Reis (Pontevedra) converteuse en Afonso VII, rei de Castela e León (1126). Desde ese momento Galicia quedou incorporada á Coroa de Castela e ao seu modelo de institucións.


@ Amplía na Rede...

Para saber máis sobre o reino de Galicia, entra en: www.tiching.com/83267



▼ O bispo Teodomiro fronte á tumba do apóstolo Santiago, nunha miniatura do século XII.

12. Completa o eixe cronolóxico do reino de Galicia. Sitúa os reis e os acontecementos máis importantes no seu período correspondente. Fíxate no exemplo:



- A que se debe a inseguridade dos séculos IX e X?

.....

13. Le o texto sobre a lingua galega e contesta as seguintes preguntas:

- De que lingua xurdiu o galego?

.....

- Con que outro idioma está unido?

.....

- A través de que tipo de textos se fixo coñecido?

.....


.....

A lingua galega

O galego xurdiu do latín na zona noroccidental da Península.

Durante a Idade Media, o galego e o portugués estiveron unidos lingüisticamente ata a creación do reino de Portugal (século XII), cando as linguas que se falaban ao norte e ao sur do Miño se foron distanciando e se fragmentaron en dúas: o galego e o portugués.

O galegoportugués utilizouse como medio de expresión literaria en diversos poemas líricos.



▼ O chamado Pergamiño Vindel contén cantigas escritas por un trobador galego do século XIII.

14. Observa a información sobre a tumba de Santiago e confecciona unha redacción relatando como se achou o sepulcro e como pasou a converterse na tumba do apóstolo:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

O Camiño de Santiago

Durante a Idade Media, Compostela converteuse no destino de numerosos peregrinos, que querían facerse perdoar os seus pecados e reconciliarse con Deus a través da peregrinación.

O camiño transmitiu ideas, costumes, estilos artísticos, música, poesía, mercadorías..., de distintos puntos de Europa.

No século IX achouse unha tumba en Galicia atribuída ao apóstolo Santiago. O lugar, preto do "finisterre" (o extremo occidental do mundo coñecido), chamouse Compostela, que significa "campo de estrelas".



O apóstolo Santiago peregrino. ◀

A A RUTA XACOBEEA


- A peregrinación á tumba de Santiago iniciouse no século XI. Organizáronse camiños para chegar a catedral de Compostela desde diversas partes de Europa, aínda que o traxecto que debían percorrer os peregrinos era longo e dificultoso.
- O Camiño converteuse en **vía de comunicación e intercambios comerciais e culturais**. En vilas e cidades, as feiras e mercados foron fonte de riqueza.
- Nas cidades do Camiño construíronse hospedarías, hospitais e gran cantidade de igrexas para acoller os peregrinos.

B A PEREGRINACIÓN

- Os peregrinos percorrían todo o Camiño en grupos para asegurar a súa protección, identificábanse pola cuncha de Santiago e ían preparados para grandes camiñadas.
- O destino final era a **catedral de Santiago**. Os peregrinos entraban na catedral polo Pórtico da Gloria ata chegar ao sepulcro do apóstolo.
- O aire do interior purificábase con incenso, o que deu orixe ao popular **bota-fumeiro**.





15. Completa as frases do debuxo dos peregrinos ante o pórtico da Gloria coas seguintes palabras. En caso de dúbida, podes consultar o dicionario:

cuncha xacobea • bernal • bordón • chapeu • cabaza • esclavina



16. Observa o mapa do Camiño de Santiago e realiza as seguintes actividades:

- Une cada monumento cunha liña ata a cidade ou vila onde se atopa.



- De que zonas de Europa podían provir os peregrinos?

.....

- Que territorio debían atravesar antes de entrar polos Pireneos?

.....

- En que localidade navarra se unían os diferentes camiños?

.....

- Que monumento das fotografías o simboliza?

.....

O avance dos reinos cristiáns

- Durante o século XI, Al-Andalus quedou dividida e debilitada en pequenos reinos de taifas.
- Os reinos cristiáns tomaron a iniciativa militar e conquistaron amplos territorios cara ao sur durante os séculos XI e XII.
- Os reis de taifas aceptaron o pagamento das parias —unha cantidade anual de ouro e obxectos preciosos— aos reinos do norte a cambio de quedar no territorio.
- Grazas ás parias, os reis cristiáns construíron novos castelos, melloraron o armamento e organizaron grandes exércitos para importantes operacións militares.
- O avance ata o val do Texo produciuse durante o século XI. **Afonso VI** (1065-1109) conquistou **Toledo** (1085), capital do antigo reino visigodo. A partir de aí, o monarca e as súas tropas ocuparon o centro da Península.
- Ao longo do século XII, o avance detívose pola axuda que recibiron as taifas de pobos norteafricanos (**almorábides e almohades**) e polas pugnas internas entre Castela e León.
- O avance ata o val do Ebro debeuse á iniciativa de Aragón e dos condes de Barcelona. Levouse a cabo a repoboación do campo de Tarragona e Ramón Berenguer IV (1131-1162) alcanzou a desembocadura do Ebro.
- A principios do século XII, a unión do reino de Aragón e dos condados cataláns deu orixe a un novo reino, a Coroa de Aragón. Esta unión aumentou a súa forza militar e propiciou a súa expansión cara ao sur.

Almorábides e almohades

- Os almorábides chegaron á Península tras a toma de Toledo por Afonso VI. Consequiron derrotalo na batalla de Sagrajas (1086), detiveron o avance dos reinos cristiáns e dominaron todas as taifas de Al-Andalus.
- Cara ao ano 1146, tras o declive almorábide, desembarcaron os almohades, que uniron as taifas ao seu imperio norteafricano e lles inflixiron unha severa derrota aos cristiáns (Alarcos, 1195).



Tropas almorábides, século XII.

17. A partir do texto, indica a resposta correcta as seguintes preguntas:

– De onde procedían os almorábides e os almohades?

- dos reinos de taifas do norte de África dos reinos cristiáns

– A que rei derrotaron os almorábides?


- Afonso IV Afonso V Afonso VI

– En que batalla frearon os almohades o avance dos cristiáns?

- na batalla de Covadonga na batalla de Alarcos na batalla de Toledo

18. Completa o mapa do avance que os reinos cristiáns realizaron durante os séculos XI e XII:

- Pinta, segundo a lenda, os territorios portugueses.
- Fai o mesmo co reino de Castela e León.
- Colorea o reino de Navarra.
- Pinta agora a Coroa de Aragón.
- Repasa coa cor da lenda as frechas das ofensivas almorábides e pinta o territorio que ocupa Al-Andalus.



19. Completa as seguintes frases coa palabra que corresponda:

parias • Ramón Berenguer IV • taifas • Afonso VI • Castela e León • Toledo

- Tras a caída do califato de Córdoba (1031), os musulmáns organizáronse en reinos de
- O rei conquistou a cidade de en 1085.
- avanzou ata a desembocadura do Ebro.
- O pagamento de impostos por parte dos musulmáns aos reis cristiáns chámase
- viu freado o seu avance cara ao sur debido ás divisións internas.

20. Risca as frases que non correspondan en cada caso:

Almorábides

- Chegaron despois da toma de Toledo.
- Vencen a Afonso VI en Alarcos.
- Preceden os almohades.
- Dominan todas as taifas de Al-Andalus.
- Durante o seu dominio os reinos cristiáns non deteñen o seu avance na Península.

Almohades

- Chegan á Península no século XII.
- Chegan antes que os almorábides.
- Participan na toma de Toledo.
- Unen as taifas ao imperio norteafricano.
- Logran unha gran vitoria ante os cristiáns na batalla de Alarcos.


A consolidación dos reinos peninsulares

A partir do século XI, os reinos e condados creados séculos antes no norte da Península para opoñerse ao dominio de Al-Andalus fóronse convertendo en poderosos reinos capaces de conquistar grandes territorios.

A A COROA DE CASTELA

- A reunificación definitiva dos reinos de Castela e León realizouse no ano 1230, cando o rei **Fernando III** herdou da súa nai Berenguela o reino de Castela, e do seu pai, Afonso IX, o reino de León.
- Da unión destes dous reinos naceu a **Coroa de Castela**, o territorio cristián máis extenso da Península,

que tivo un gran protagonismo na última fase da conquista, avanzando polo val do Guadalquivir.



▶ Fernando III o Santo nunha miniatura do século XIII.


C O REINO DE PORTUGAL

- Portugal formou parte do reino de León ata principios do século XII, cando por herdanza pasou a ser un condado dependente deste reino.
- A independencia produciuse en 1128, cando o conde **Afonso Enríquez** se proclamou rei.
- Aínda que estaban desvinculados, os enfrontamentos entre Castela e León e o novo reino de Portugal foron frecuentes nos séculos posteriores.
- A partir dese momento, o reino de Portugal seguiu o seu avance cara ao sur de forma independente chegando ata o Algarve.
- Portugal desenvolveu unha lingua e cultura propias.

B A COROA DE ARAGÓN


- En 1137, o matrimonio entre **Petronila**, filla e herdeira do rei aragonés Ramiro II, e o conde de Barcelona, **Ramón Berenguer IV**, deu lugar ao xurdimento da Coroa de Aragón.
- O seu fillo, **Afonso II**, herdou os seus territorios e foi o primeiro monarca da Coroa de Aragón que incluía o reino de Aragón, os condados cataláns e as terras de Occitania ao norte dos Pireneos.

O matrimonio do conde de Barcelona foi concertado un ano despois do nacemento de Petronila.



D O REINO DE NAVARRA


- Os pamploneses enfrontáronse con bastante frecuencia aos aragoneses ata a época do rei **García Ramírez** (1134-1150), que gobernou un territorio coincidente coa actual Navarra.
- En 1162, o rei **Sancho VI o Sabio** cambiou o nome de reino de Pamplona polo de reino de Navarra.
- O reino mantivo a súa presenza nas terras de Baixa Navarra, na actual Francia.







▼ Castelo de Loarre, construído no século XII por Sancho III de Navarra.

21. Completa o seguinte mapa conceptual cos seguintes nomes. Podes axudarte repasando os apartados 2 e 3 do tema:

reinos cantábricos • reino de Aragón • condado de Castela • reino de León • Coroa de Castela
 reino de Portugal • Coroa de Aragón • reino de Navarra • condados cataláns




22. A cal dos catro reinos cres que pertenceron estes castelos? Podes axudarte buscando información en Internet:



Sociedade e economía en Galicia

- Os reis ástur-leoneses entregaron grandes extensión de terras á nobreza e á igrexa galega (**feudos**) para garantir o apoio á monarquía.
- Por iso, os estamentos privilexiados foron a nobreza pero sobre todo a Igrexa, que era a maior propietaria de terras en Galicia. Dentro dela, o **arcebispado de Santiago** e os mosteiros de Sobrado dos Monxes, Samos ou Celanova eran os máis importantes.
- Naquel tempo de inseguridade, o campesiñado cedeu as súas terras os privilexiados a cambio de protección. A paisaxe galega foise enchendo de pequenas **vilas** así como de **casaríos**, explotacións unifamiliares illadas unhas doutras.
- A partir do século XI, aumentaron as peregrinacións a Santiago, medrando a poboación e desenvolvéndose feiras, mercados e con iso, as cidades.
- En agricultura incorporáronse as ferramentas de ferro. Os cultivos máis destacados eran os **cereais** (en especial o centeo para facer o pan) e a **vide**, en especial nas ribeiras do Miño e o Avia. A **gandaría** tamén viviu un período de expansión, sobre todo o vacún.
- A **pesca** mellorou as súas artes (trasmallo, xeito, sacada, cerco) e as capturas de pescada, congro e sardiña uniuse a nacente industria da salgadura.
- Entre as **actividades artesanais** destacan os toneleiros para o comercio de viño así como os oficios en torno ao coiro e ás peles. Nas vilas mariñeiras, os traballos estaban relacionados coa pesca e a salgadura.
- Galicia exportaba viño, coiro, peixe e madeira e importaba sal e panos.



Mosteiro da Armenteira (Pontevedra)


Ademais das diversas doazóns reais e doutras obras pías, os mosteiros galegos posuían extensos dominios, debido a que moitos deles foron fundados por familias nobres.

23. Observa o mapa do desenvolvemento urbano da Galicia medieval e realiza as actividades:

- Repasa en cor vermella a parte do Camiño de Santiago ao seu paso por Galicia.


- Que cidades ou pobos atravesaba?

- Calés eran as cidades con maior importancia relixiosa por ser residencia de bispos (sé episcopal)?






24. Relaciona cada fotografía coa actividade económica correspondente:

pesca • agricultura e gandería • reparto de pan



Escena de pesca nas *Cantigas de Santa María*, século XIII.



25. Relaciona cada un dos grupos sociais coa súa situación en Galicia durante o período medieval:

- Igrexa • Dependían da terras da nobreza e clero
- Nobreza • Os seus bispos e mosteiros posuían grandes extensións de terra
- Campeñado • Era un estamento privilexiado que apoiaba ao rei

26. Enche a seguinte táboa coas principais actividades económicas de Galicia durante a Idade Media:

actividade	produtos
agricultura
gandería
pesca
artesanía
exportacións
importacións

1 Analiza o debuxo. O Cid Campeador

27. Rodrigo Díaz de Vivar (1043-1099), coñecido como o Cid, foi un cabaleiro castelán famoso polas súas xestas para converterse nun gran señor. Identifica os elementos máis importantes do debuxo:

infantería • cabalaría • O Cid • Babieca (o seu cabalo) • Tizona (a súa espada)



2 Relaciona conceptos. Reinos e condados pirenaicos

28. Relaciona, mediante unha liña, cada personaxe co reino correspondente:

Wifredo o Peludo reino de Aragón

Ramiro I Marca Hispánica

Carlomagno reino de Pamplona

Sancho III condados cataláns

3 Analiza a figura. Un peregrino

29. Observa a figura do peregrino:

– Describe a súa vestimenta:

.....

.....

.....




– Por que razóns se peregrinaba?

.....

.....



.....

Traballo con mapas. Os territorios peninsulares no século XII



30. Completa os seguintes datos do mapa:

- A que reino pertence cada un dos territorios peninsulares marcados coas seguintes cores?

- 
- 
- 

- Consulta os mapas do tema e enche o nome das cidades marcadas cunha letra.

ntese. A orixe dos primeiros reinos peninsulares (séculos VIII-XIII)

31. Contesta brevemente:

- Quen era Paio? Que sucedeu en Covadonga?
.....
- Que rei trasladou a capital do reino de Asturias a León?
 Ordoño II Afonso III al-Mansur
- Que reinos e condados cristiáns se formaron nos Pireneos?
.....
- Cal era o punto de destino dos peregrinos que ían pola ruta xacobeá?
.....
- A partir do século XI, que reinos cristiáns se consolidan na Península?
.....

32. Define os seguintes conceptos clave:

- Marca Hispánica:
- Repoboación:
- Peregrinación:
- Almorávides:
- Parias: